

REPETIDOR 1º ESO: _____

1.- Atopa a palabra (nº de letras da palabra).

1. O noso planeta ten unha forma que se chama... _____ (6)
2. A forma máis usual de representar a Terra é o... _____ (4)
3. A forma máis precisa para representar a Terra é o... _____ (14)
4. Zona da Terra onde se desenvolve a vida... _____ (8)
5. Son os mapas que presentan o relevo e e inclúen tamén elementos humanos... _____ (12)
6. Son uns semicírculos que unen os polos e teñen dirección norte-sur... _____ (10)
7. Meridiano cero (0°)... _____ (9)
8. Son círculos imaxinarios que teñen dirección leste-oeste... _____ (9)
9. É a distancia dun paralelo con respecto ao ecuador... _____ (8)
10. É a distancia dun meridiano con respecto ao meridiano de Greenwich... _____ (9)
11. Relación entre a dimensión dun territorio na realidade e a que ocupa nun mapa.... _____ (6)

2.- Elixe a resposta ou respostas correctas**1.- Que é un mapa?**

- a) Un globo terráqueo
- b) Representación plana da Terra
- c) Un debuxo dunha paisaxe
- d) Un GPS

2.- Forma máis precisa de representar a Terra?

- a) Un globo terráqueo
- b) Un mapa
- c) Un plano
- d) Un mapa 3D

3.- Que tipos de proxeccións cartográficas hai?

- a) Rectangular
- b) Cónica
- c) Cilíndrica
- d) Acimutal

4.- Forman a estrutura externa da Terra?

- a) Troposfera
- b) Hidrosfera
- c) Litosfera
- d) Atmosfera

5.- Liñas para localizar un punto na Terra?

- a) Trópicos
- b) Meridianos
- c) Círculos polares
- d) Paralelos

6.- Cal é o meridiano 0°?

- a) Trópico de Capricornio
- b) Círculo polar ártico
- c) Greenwich
- d) Ecuador

7.- Cal é o paralelo 0°?

- a) Trópico de Capricornio
- b) Círculo polar ártico
- c) Greenwich
- d) Ecuador

8.- En que se miden a latitude e a lonxitude?

- a) Graos
- b) Graos, minutos e segundos
- c) Km
- d) Horas, minutos e segundos

9.- De que formas se pode indicar a escala?

- a) Numérica
- b) Física
- c) Política
- d) Gráfica

10.- Que significa a escala 1/20?

- a) 1 cm no mapa son 20 km na realidade
- b) 1 cm no mapa son 20 m na realidade
- c) 1 m no mapa son 20 m na realidade
- d) 1 cm no mapa son 20 cm na realidade